

NOTA DE PRENSA INICIO CAMPAÑA NAMORADOS

EMGROBES REALIZA UNHA CAMPAÑA EN FEBREIRO PARA PROMOVER AS COMPRAS NO COMERCIO LOCAL

A Asociación de Comerciantes e empresarios Emgrobes, comeza hoxe a súa campaña dos namorados, de promoción do comercio do CCa de tendas e para incentivar e axudar ó comercio local nestes momentos tan complicados.

A asociación de Empresarios, pretende con estas accións seguir promocionando e dinamizando o consumo na vila, especialmente nos comercios asociados polo que lanza esta campaña coincidindo coa data dos namorados e tamén para incentivar a súa tarxeta de fidelización do Club de tendas.

Como xa comentamos en outras ocasións a tarxeta de fidelización dos clientes do CCa é un incentivo que agrada moito ós consumidores locais xa que permite sumar puntos convertibles en futuros descontos e fomenta con isto que o cliente volva a realizar un gasto nos comercios adheridos á mesma e ó mesmo tempo este cliente vai acumulando descontos. Por todo isto a asociación, nestes momentos difíciles quere premiar ós clientes do CCa que continúen mercando no comercio local e utilicen a súa tarxeta club de tendas, xa que Emgrobes sorteará 20.000 puntos (equivalentes a 200 €) entre os distintos usuarios das tarxetas para que poidan utilizalos en futuras compras.

Ademáis de premiar e fidelizar ós clientes, con esta campaña pretendemos aumentar o uso da tarxeta Club de tendas, que o propio consumidor solicite e utilice a tarxeta porque por un lado entrarán no sorteo dos puntos gratis e tamén poderán utilizar estes descontos en novas compras, facendo que se distribuyan estes puntos e se convirten en descontos de 10 € sumados ás tarxetas que resulten premiadas no sorteo que se fará a partir do 14 de febreiro.

A asociación quere recordar que para conseguir a tarxeta os consumidores poderán consultar na páxina web www.ccadetendas.com, os establecementos que dispoñen na actualidade deste servizo e pedir que lles fagan nos mesmos comercios ou ben solicitala e facela a través da propia páxina web. Os establecementos integrantes no Club de tendas, para a identificalos tamén dispoñen dunha pegatina e un cartel anunciador da tarxeta de fidelización.

Dende a asociación animamos a todos a seguir mercando en O Grove, nos establecementos do Cca de tendas que siguen necesitando o noso apoio e facendo estas compras poderán ademáis conseguir vantaxes participando nos sorteos das campañas, tanto de vales de compra como de puntos e descontos do Club de tendas coma nesta ocasión pola campaña dos namorados.

